



TRÁMITE DE CONSULTAS NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA

Nome do plan: Plan especial de infraestruturas e dotacións para instalacións deportivas do Real Club Celta de Vigo S.A.D., Pereiras, Mos

Promotor: REAL CLUB CELTA DE VIGO, S.A.D.

Órgano substantivo: Concello de Mos

Expediente: 2019AAE2352

Código web: 2250/2019

O día 11.07.2019 recibíuse na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda un escrito do Concello de Mos no que solicita iniciar a avaliación ambiental estratéxica simplificada do *Plan especial de infraestruturas e dotacións para instalacións deportivas do Real Club Celta de Vigo S.A.D., Pereiras, Mos*. Achega xunto coa solicitude, o documento ambiental estratéxico e o borrador do plan. Posteriormente o 18.07.2019 requíriuse ao concello que completara a documentación presentada.

Unha vez avaliada a documentación e considerando que:

1. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) integra no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
2. Un plan especial debe someterse a avaliación ambiental estratéxica simplificada en virtude do disposto no artigo 46.2.b) da Lei 2/2016.
3. A LSG establece tamén que, antes de emitir o informe ambiental estratéxico, o órgano ambiental someterá a documentación ás consultas do órgano competente en materia de urbanismo, das demais administracións públicas afectadas e das persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo máximo de dous meses. Se ben, esta Dirección Xeral decidiu estender as consultas ao público en xeral co obxecto de favorecer a transparencia da tramitación e a participación cidadá.
4. A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, ao abeiro do disposto no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

ACÓRDASE:

Someter a consulta pública na web deste órgano ambiental por un **prazo de 2 meses** o documento ambiental estratéxico e o borrador do *Plan especial de infraestruturas e dotacións para instalacións deportivas do Real Club Celta de Vigo S.A.D., Pereiras, Mos*.

No caso de que este órgano ambiental determine que é necesario someter o planeamento ao procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica, as observacións e suxestións recibidas serán tidas en conta tamén na elaboración do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico (artigo 31.2.a da Lei 21/2013).





As observacións e suxestións poderán ser formuladas por calquera das seguintes canles:

- A través do formulario informático habilitado na web deste órgano ambiental (<https://cmatv.xunta.gal/programas-con-periodo-de-consulta-aberto>).
- A través do correo electrónico: avaliacion.ambiental.estratexica@xunta.gal
- Mediante escrito presentado no registro administrativo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, situado en San Lázaro s/n, en Santiago de Compostela.

En calquera dos medios empregados deberá identificarse quen formula as observacións e suxestións (nome da unidade administrativa, ou nome do colectivo, ou nome e apelidos da persoa), facilitando tamén os datos de contacto.

O informe ambiental estratéxico que se formule tras o período de consultas farase público no *Diario Oficial de Galicia* e na web (https://cmatv.xunta.gal/tema/c/CMAOT_Avaliacion_ambiental) da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2019

